2024

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

2024

2024

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

O Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais,
en xuntanza ordinaria do 11 de abril de 2025, aprobou, por unanimidade,
a Memoria de actividades correspondente ao exercicio 2024.

Esta publicación recolle integramente o texto da dita memoria.

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria CGRL

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA:
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
E-mail: info.cgrl@xunta.gal
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-9186 (edición electrónica)

ÍNDICE

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS 13
PLENOS E PERMANENTES EN 2024 19
EMISIÓN DE DITAMES 25
FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA 33
ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA 39
SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA 45
A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL 55
XX ENCONTRO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS 57
ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CONSELLO 81
AS REDES SOCIAIS DO CONSELLO 89
ORZAMENTO DO CONSELLO 95

LIMIAR

A responsabilidade ante a cidadanía que, como ente público, obriga ao Consello Galego de Relacións Laborais, esíxenos non só actuar con dilixencia e compromiso, senón tamén render contas de cada paso dado no exercicio das nosas funcións. Con este principio como guía, presentamos a memoria anual de actividades do Consello, reflexo do noso labor en 2024 e testemuña do papel central do organismo no eido laboral en Galicia.

Un ano máis, o Consello erixiuse en referencia: un espazo ao que se acode tanto nos momentos de conflito como cando xorde a oportunidade de construír avances desde o diálogo e a concertación. Por iso, podemos manifestar con orgullo que o Consello é parte activa na tarefa de conformar un mercado laboral xusto, competitivo e moderno, onde a negociación e a mediación sexan as protagonistas.

Neste contexto, o Acordo Interprofesional Galego para a Solución Extraxudicial de Conflitos de Traballo (AGA) segue consolidado como unha ferramenta indispensable para a estabilidade laboral na nosa comunidade.

Pero o noso traballo abrangue moito máis que a mediación en conflitos.

As intervencións do Observatorio galego da negociación colectiva e da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva son chave para lograr –sempre mediante a aplicación de criterios acordados polos axentes sociais– unha negociación colectiva máis eficaz e inclusiva. Na mesma liña, o Comité de ditames reafirma a súa importancia, garantindo que a normativa autonómica con incidencia laboral responda ás necesidades sociais e respecte os valores de rigor e consenso.

Tamén temos encomendada a achega dun coñecemento obxectivo e contrastado sobre a realidade do traballo en Galicia, un compromiso que en 2024 se cumpriu mediante a publicación do Informe sobre a situación sociolaboral en Galicia, de tres novos números da Revista Galega de Dereito Social e de numerosos boletíns de información sociolaboral e de negociación colectiva ao abeiro do Programa estatístico da Comunidade Autónoma,.

Ademais, impulsamos estudos xurídicos demandados no panorama galego de relacións laborais, como a análise comparada sobre a negociación colectiva no traballo doméstico e o estudo sobre o servizo de axuda no fogar en Galicia. E a nosa coñecida aposta pola formación traduciuse en decenas de programas pioneiros, entre os que cabe destacar o primeiro curso de especialización en dereito dixital e intelixencia artificial do traballo e da seguridade social.

Por outra banda, o 2024 foi un ano importante no proceso de transición dixital do Consello. A interacción co público en redes sociais creceu de maneira significativa, da man do incremento das publicacións do organismo e da calidade das mesmas, facilitándose así intercambios máis áxiles e proveitosos. Do mesmo xeito, a apertura de formacións a canles online permitiu dirixir algún dos nosos programas a un espectro máis amplo e diverso. De cara ao 2025, temos a firme vontade de culminar este proceso coa posta en marcha dunha nova páxina web, que incorpore servizos e funcionalidades de interese para todos os operadores laborais en Galicia.

Así mesmo, ao longo deste ano intensificamos a conexión do Consello coas entidades que exercen competencias análogas a nivel estatal e noutras comunidades autónomas, en preparación da xuntanza que terá lugar en Santiago de Compostela no vindeiro ano.

Como corolario de todas estas actividades, rematamos o 2024 celebrando o XX Encontro Galego de Relacións Laborais, asentado como un foro ineludible en Galicia para a posta en común e a formulación de conclusións sobre as cuestións máis candentes en materia laboral. Nesta edición, a súa faceta práctica viuse enriquecida por un emocionante tributo ás anteriores presidentas e presidentes do Consello que encarnan unha sólida tradición de case catro décadas ao servizo da sociedade galega.

En definitiva, grazas ás persoas que nos antecederon, ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia que integran o organismo, así como ao esforzo da súa secretaria xeral e do equipo de funcionarias e funcionarios, o Consello Galego de Relacións Laborais non é un espectador pasivo dos cambios no mundo do traballo, senón unha institución de confianza á que se recorre para superar crises e tecer os acordos duradeiros que materializan eses cambios.

No diálogo, na responsabilidade compartida e na busca constante de solucións atópase a nosa forza. Grazas a todas as persoas e entidades que no 2024 a fixeron medrar.

Antía Sández Callejo – Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

REGULACIÓN E NATUREZA XURÍDICA
COMPETENCIAS
COMPOSICIÓN
ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO
PERSOAL DO CONSELLO

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

REGULACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

O Consello Galego de Relacións Laborais foi creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, e a súa primeira reunión realizouse en febreiro de 1989, en Santiago de Compostela, onde continúa a ter a súa sede.

Na actualidade, está regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no DOG do 11 de xullo, que, en resposta ás demandas das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais, modificou a súa natureza, dotándoo de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para acadar os seus fins. O seu regulamento interno de organización e funcionamento aprobouse pola Resolución da Presidencia do Consello do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG do 13 de novembro de 2008.

O Consello é un ente público de composición bipartita, único foro propio de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais en Galicia, é o órgano consultivo e asesor da Xunta en materia laboral. Así mesmo, xoga un papel fundamental na promoción da negociación colectiva en todos os ámbitos e sectores, e na solución dos conflitos colectivos, tanto directamente, como na xestión e divulgación do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

A neutralidade e independencia inherentes á súa natureza e ás súas funcións reflíctense mesmo na necesaria conformidade das organizacións sindicais e empresariais que integran o Pleno para o nomeamento de altos cargos do organismo.

O Consello está adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, na actualidade a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

COMPETENCIAS

As competencias do Consello veñen reguladas no artigo 3 da súa lei reguladora e no artigo 10 do seu regulamento interno. Abranguen catro áreas principais:

- **Consultiva:** Emisión de ditames en relación a calquera proxecto normativo da Xunta de Galicia en materia laboral.
- **Fomento, promoción e ampliación da negociación colectiva galega:** O Consello é a sede da maioría das comisións paritarias dos convenios colectivos autonómicos e ten unha intervención activa na negociación colectiva neste ámbito.
- **Xestión do sistema de solución autónoma de conflitos laborais:** Tramitación e promoción dos procedementos de mediación e arbitraxe regulados no AGA.
- **Promoción do debate social:**
  - Formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral, a través da realización anual e periódica de xornadas abertas ao público nas principais cidades galegas, así como cursos e seminarios para cadros sindicais e empresariais.
  - Edición de publicacións en materia laboral, de carácter regular (*Revista Galega de Dereito Social,* Boletíns sobre a situación da negociación colectiva galega, Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia...) ou derivadas do traballo dos distintos órganos colexiados do Consello (estudos, guías de boas prácticas...).

COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado pola Presidencia, a Secretaría e catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de máis representativas en Galicia.

En 2024, a composición do Consello foi a seguinte:

PRESIDENTA: **Antía Sández Callejo**

SECRETARIA: **Cristina Fabeiro Varela**

CONSELLEIRAS E CONSELLEIROS:

POLA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG):

Titulares:

Lucía Freire Ces
Francisco Xavier González Sio
Miguel Anxo Malvido Cabirto

Suplentes:

Margarida Corral Sánchez
Susana Méndez Rodríguez
Antonio Mera de la Fuente

POLA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA (UGT-GALICIA):

Titulares:

Mar Martín González
José Carlos Rodríguez del Río

Suplentes:

Trinidad Campos Rodríguez
Juan Manuel Loureiro Taibo

POLO SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA (SN DE CCOO):

Titulares:

Maica Bouza Seoane
Xesús Castro Baamonde

Suplentes:

Armando Iglesias Rodríguez
Carmen Adela Sabio Sanz

POLA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CEG):

Titulares:

José Carlos García Cumplido
Luis Lamas Novo
Enrique Miguel Mallón Otero
Javier Martínez López
Jaime Pereira Novoa
José Antonio Romarís Ferreiro
(ate o 7 de febreiro de 2024)
Marina Graña Bermúdez
(dende o 7 de febreiro de 2024)
Javier Touza Touza

Suplentes:

Mª del Mar Barreiro Mariño
Marina Graña Bermúdez
(ate o 7 de febreiro de 2024)
Beatriz Regos Concha
(dende o 7 de febreiro de 2024)
Guadalupe Hervera Iglesias
(ate o 21 de outubro de 2024)
Luis Abelleira Mayor
(dende o 21 de outubro de 2024)
Álvaro Hinrichs Álvarez
José Manuel Maceira Blanco
María José de Miguel Pérez
José Antonio Neira Cortés

ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

PERSOAL DO CONSELLO

De acordo co artigo 14 da súa lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo, e rexerase pola normativa da Comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente, o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

1. Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de mediación e arbitraxe que se inicien ao abeiro do AGA.

2. Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia, e as funcións relacionadas coa promoción e fomento da negociación colectiva (apoio ás comisións paritarias e negociadoras de distintos ámbitos e sectores).

3. Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia, das publicacións periódicas que edita o Consello e as funcións de xestión do seu sitio web.

4. Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica. Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social.

5. Área de Documentación e Arquivo. Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.

PLENOS E PERMANENTES EN 2024

— Último Pleno do ano, celebrado en Cambados

PLENOS E PERMANENTES EN 2024

O PLENO

O Pleno constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da súa lei reguladora. O seu funcionamento vén recollido no artigo 7 da lei e nos artigos 10 e 11 do regulamento interno de funcionamento do Consello.

En 2024 realizáronse seis plenos, nos que se adoptaron as decisións necesarias para o normal funcionamento do Consello:

Extraordinario: 13 de marzo de 2024 (1/2024)

- Aprobación da publicación do Estudo sobre "O dereito de negociación colectiva no traballo doméstico. Un estudo comparado con Alemania, Francia, Italia, Portugal e Reino Unido".

Ordinario: 5 de abril de 2024 (2/2024)

- Aprobación da memoria anual de actividades do CGRL no ano 2023.
- Aprobación da proposta de indemnizacións ás organizacións para o ano 2024.
- Aprobación da Memoria e Contas anuais do CGRL en 2023.

Extraordinario: 27 de maio de 2024 (3/2024)

- Aprobación da elaboración do Informe sobre a situación sociolaboral en Galicia no ano 2023.

Ordinario: 22 de xullo de 2024 (4/2024)

- Aprobación da publicación do Estudo sobre o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia e a súa presentación.
- Aprobación da proposta de actividades ordinarias do CGRL para o ano 2024.
- Aprobación da Recomendación para a negociación colectiva en 2024.
- Aprobación do Programa do XX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Aprobación da proposta de orzamento do CGRL para o ano 2025

Ordinario: 25 de outubro de 2024 (5/2024)

- Aprobación do Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2023.

Ordinario: 18 de decembro de 2024 (6/2024)

- Aprobación do balance de actividades ordinarias desenvoltas polo CGRL no ano 2024.

A COMISIÓN PERMANENTE

A Comisión Permanente é o órgano de xestión e dirección operativa do Consello. Está integrada por seis representantes do Pleno -tres polas organizacións empresariais e tres polas organizacións sindicais- máis as persoas titulares da Presidencia e da Secretaría Xeral do Consello.

Este órgano reúnese de modo ordinario unha vez ao mes, e de modo extraordinario cantas veces sexa convocado ao efecto pola presidencia do Consello, por iniciativa propia ou por petición da maioría absoluta das persoas membros da representación empresarial ou sindical.

As súas competencias están reguladas no artigo 8 da Lei reguladora do Consello e no artigo 12 do regulamento interno: confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello, entre outras.

En 2024 a Comisión Permanente reuniuse en 11 ocasións. Ao longo destas xuntanzas, e dentro das funcións propias deste órgano, aprobáronse, entre outros temas, as actividades a levar a cabo polo organismo en relación coa planificación aprobada polo Pleno. Do esencial do tratado nestas reunións dáse sucinta conta deseguido.

Ordinaria: 22 de xaneiro de 2024 (1/2024)

- Accións formativas aprobadas para o ano 2024.

Extraordinaria: 29 de febreiro de 2024 (2/2024)

- Curso organizado en colaboración coa UDC

Extraordinaria: 13 de marzo de 2024 (3/2024)

- Toma en consideración do Estudo sobre "O dereito de negociación colectiva no traballo doméstico. Un estudo comparado con Alemaña, Francia, Italia, Portugal e co Reino Unido" e acordar, de ser o caso, elevalo ao Pleno do CGRL para aprobar a súa publicación.

Ordinaria: 5 de abril de 2024 (4/2024)

- Presentación da proposta de indemnizacións ás organizacións para o ano 2024.
- Presentación da memoria anual de actividades do CGRL no ano 2023.
- Presentación da memoria e contas anuais do Consello en 2023.

Ordinaria: 27 de maio de 2024 (5/2024)

- Toma en consideración do estudo sobre axuda no fogar.

Ordinaria: 7 de xuño de 2024 (6/2024)

- Avances na organización do XX Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinaria: 10 de xullo de 2024 (7/2024)

- Toma en consideración da proposta de actividades ordinarias do CGRL para o ano 2024.
- Toma en consideración do Estudo sobre o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.

Ordinaria: 22 de xullo de 2024 (8/2024)

- Toma en consideración da Proposta de programa do XX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Toma en consideración da Recomendación para a negociación colectiva en 2024.
- Toma en consideración da proposta de anteproxecto de orzamentos do CGRL para o ano 2025.

Ordinaria: 25 de setembro de 2024 (9/2024)

- Avances na organización do XX Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinaria: 25 de outubro de 2024 (10/2024)

- Toma en consideración do Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2023.

Ordinaria: 11 de decembro de 2024 (11/2024)

- Valoración do XX Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Valoración dos cursos organizados polo CGRL en 2024 en colaboración coas universidades galegas e propostas sobre actividades formativas de interese de cara a 2025.
- Preparación do Pleno do CGRL do vindeiro 18 de decembro: balance das actividades desenvoltas no ano 2024.

EMISIÓN DE DITAMES

EMISIÓN DE DITAMES

O artigo 3.2b) da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da Comunidade autónoma en materia laboral.

Para o cumprimento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, composto polas persoas titulares da presidencia e secretaría do Consello (ou quen as substitúa) e por seis membros do Pleno, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais.

A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento segue as normas previstas no anexo ao regulamento interno de organización e funcionamento do organismo.

Cada ano, a área xurídica do Consello realiza ademais un seguimento dos informes motivados remitidos pola Consellería, nos que se dá conta das consideracións manifestadas polas organizacións sindicais e empresarial recollidas no ditame que serán tidas en conta e introducidas no texto definitivo do proxecto normativo, así como daquelas que non son aceptadas.

O texto completo destes ditames pode consultarse na web do CGRL: https://www.cgrl.gal/novas/categoria-de-dictame/ano-2024/

Durante o ano 2024 foron obxecto de ditame 32 proxectos normativos, dos cales 31 eran proxectos de orde e 1 de decreto.

O número total de xuntanzas do Comité delegado polo Pleno para a emisión de ditames ascende a un total de 18 ao longo do ano 2024.

O proxecto de Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a empresas privadas para fomentar a promoción profesional da muller en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DITAME 6/24) e o Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DITAME 26/24), aínda non foron obxecto de publicación no DOG, polo que as consideracións neles contidas non se teñen en conta na elaboración das seguintes estatísticas.

Ademais, non se formularon consideracións unánimes no ditame 23/2024, emitido sobre o Proxecto de orde pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Sobre os 29 proxectos que se teñen en conta, emitíronse un total de 309 consideracións unánimes, das cales 74 foron de carácter xeral e 235 de carácter específico.

Ademais, emitíronse 29 consideracións que non procede valorar como aceptadas ou non aceptadas, xa que ou ben teñen un carácter declarativo ou ben indican especificamente que se trata de propostas a valorar en vindeiras convocatorias.

Das consideracións xerais, 46 emitíronse sobre cuestións de fondo e 28 sobre aspectos formais da norma.

Das 46 consideracións de fondo, foron aceptadas 4 (o 8,6%) e das 28 consideracións formais foron parcialmente aceptadas tamén 4 (o 14,3%).

CONSIDERACIÓNS XERAIS					
	ACEPTADAS		NON ACEPTADAS		TOTAL
DE FONDO	4	8,60%	42	91,40%	46
FORMAIS	4	14,30%	24	85,70%	28

Das 235 consideracións específicas, emitíronse 227 sobre cuestións de fondo e 8 sobre aspectos formais da norma.

Das 227 consideracións de fondo, foron aceptadas ou parcialmente aceptadas 30 (o 13,2%) mentres que das 8 consideracións formais foron aceptadas un total de 5 (o 62,5%).

CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS					
	ACEPTADAS		NON ACEPTADAS		TOTAL
DE FONDO	30	13,20%	197	86,80%	227
FORMAIS	5	62,50%	3	37,50%	8

Achégase, a continuación, un cadro que recolle as porcentaxes de consideracións unánimes aceptadas (incluídas as parcialmente aceptadas) nos anos 2022, 2023 e 2024.

CONSIDERACIÓNS ACEPTADAS. ANOS 2022, 2023 E 2024				
	CONSIDERACIÓNS DE FONDO		CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER FORMAL	
	Xerais	Específ.	Xerais	Específ.
Ano 2022	16,60%	16,90%	42,50%	72,20%
Ano 2023	20%	14,00%	28%	33,00%
Ano 2024	8,60%	13,20%	14,30%	62,50%

RELACIÓN DE DITAMES EMITIDOS 2024

DITAME	DENOMINACIÓN	EMISIÓN	PUBLICACIÓN
1.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	15 de marzo	9 de abril de 2024
2.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2024	15 de marzo	10 de xuño de 2024
3.24	Proxecto de Orde pola que se aproban as bases reguladoras para promover a primeira experiencia profesional das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos, Talento 30, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	15 de marzo	22 de maio de 2024
4.24	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de emprego con apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	20 de marzo	5 de xuño de 2024
5.24	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024	4 de abril	11 de xuño de 2024
6.24	Proxecto de Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a empresas privadas para fomentar a promoción profesional da muller en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	4 de abril	_non publicado_
7.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de corta duración que se desenvolvan por parte das entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2024-2025	18 de abril	25 de xuño de 2024
8.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para do Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional de negocios (TR353D), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	25 de abril	6 de xuño de 2024
9.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024- 2026, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024-2025	8 de maio	9 de xullo de 2024
10.24	Proxecto de orde pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de apoio para a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas e para a adaptación de espazos nas empresas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	24 de maio	18 de xullo de 2024
11.24	Proxecto de decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025	19 de xuño	24 de xullo de 2024
12.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	1 de xullo	12 de agosto de 2024

— Continúa en páxinas seguintes

DITAME	DENOMINACIÓN	EMISIÓN	PUBLICACIÓN
13.24	Proxecto de orde proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2024-2026 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2024	**4 de xullo**	**30 de agosto de 2024**
14.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a realización de actividades no ámbito de prevención de riscos laborais conforme á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2024	**24 de xullo**	**26 de setembro de 2024**
15.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	**6 de setembro**	**24 de setembro de 2024**
16.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024	**6 de setembro**	**24 de setembro de 2024**
17.24	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B ou C, competencia deste departamento, ou de formación no traballo do Catálogo de Especialidades Formativas do Servicio Público de Emprego Estatal correspondentes aos exercicios 2024 e 2025	**23 de outubro**	**28 de novembro de 2024**
18.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2025.	**23 de outubro**	**10 de xuño de 2024**
19.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social" e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025	**23 de outubro**	**11 de febreiro de 2025**
20.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2025 e 2026	**23 de outubro**	**7 de febreiro de 2025**
21.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, de sociedades laborais, de centros especiais de emprego e de empresas de inserción e se convocan para o ano 2025	**23 de outubro**	**4 de febreiro de 2025**
22.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais e das axudas para a realización de actividades no ámbito de prevención de riscos laborais conforme a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2025	**6 de novembro**	**27 de xaneiro de 2025**

DITAME	DENOMINACIÓN	EMISIÓN	PUBLICACIÓN
23.24	Proxecto de orde pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais para o ano 2025	**6 de novembro**	**22 de xaneiro de 2025**
24.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á creación e/ou funcionamento de Gabinetes Técnicos en materia de Igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial e se procede a súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2025	**6 de novembro**	**22 de xaneiro de 2025**
25.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE) e se procede á súa convocatoria para o ano 2025	**6 de novembro**	**31 de xaneiro de 2025**
26.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025	**6 de novembro**	**pendente**
27.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025	**11 de novembro**	**23 de xaneiro de 2025**
28.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-Economía Social) e se convocan para o ano 2025	**29 de novembro**	**5 de febreiro de 2025**
29.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de axudas ás persoas traballadoras autónomas, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025	**29 de novembro**	**17 de xaneiro de 2025**
30.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación na empresa ordinaria, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025	**20 de decembro**	**24 de xaneiro de 2025**
31.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025	**20 de decembro**	**17 de xaneiro de 2025**
32.24	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025	**20 de decembro**	**28 de xaneiro de 2025**

FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

ACTIVIDADE DA ÁREA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA
PARTICIPACIÓN DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA
ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

ACTIVIDADE DA ÁREA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Conforme o mandato da lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2024 que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais atendéronse solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, por correo electrónico ou telefonicamente, e continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de convenios colectivos.

OUTROS TRÁMITES E ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS A PROL DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Ao longo do ano 2024, o Consello vén de realizar 158 trámites en 111 expedientes no REGCON que afectan a convenios, revisións, calendarios, etc, por delegación das diferentes Comisións negociadoras:

Convenios colectivos	19
Táboas salariais/Revisións salariais	16
Calendarios laborais	6
Denuncia de convenio/Inicio de negociacións	7
Acordos de mediación	50
Laudos	0
Acordos parciais	6
Acordos comisión paritaria	1
Inaplicación de convenios	0
Modificacións	3
Outros acordos	3

Así mesmo, no Consello recibíronse un total de 87 consultas por escrito, e unha media de 5 consultas telefónicas diarias en materia de convenios colectivos. As consultas recibidas abranguen todo tipo de cuestións relativas a convenios: encadramento dentro dun convenio, denuncias, uso da plataforma Regcon, identificación do código dun convenio, vixencia, data de publicación, situación da negociación colectiva, contido, etc.

Non tivo entrada ningunha solicitude de intervención da Comisión Tripartita de Inaplicación de Convenios Colectivos neste exercicio.

PARTICIPACIÓN DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

MESAS NEGOCIADORAS E COMISIÓNS PARITARIAS

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva e, moi especialmente, en sectores desregularizados ou convenios bloqueados durante un longo período previo, potenciou, asesorou, prestou asistencia técnica e asumiu funcións de conciliación e mediación en cantas comisións negociadoras o solicitaron. Por outra banda, coñecedor da operatividade das comisións paritarias en calquera das súas múltiples vertentes e manifestacións (negociais ou estritamente aplicativas), colaborou activamente, exercendo un asesoramento proactivo, no desenvolvemento da función máis relevante do ente paritario: o seu labor para solucionar os conflitos xurdidos a propósito da interpretación e aplicación dos convenios.

Así, contaron coa asistencia da presidenta do Consello, da secretaria e/ou responsable do Servizo de Solución de Conflitos un total de 28 xuntanzas das mesas negociadoras de 7 convenios sectoriais de ámbito autonómico, así como 16 xuntanzas de comisións paritarias que teñen a súa sede no Consello. Todas elas, así como as xuntanzas dos grupos de traballo e comisións sectoriais, se detallan no seguinte cadro no que tamén se destacan os acordos acadados

XUNTANZAS DE COMISIÓNS NEGOCIADORAS, COMISIÓNS PARITARIAS E OUTRAS NAQUELES SECTORES QUE TEÑEN A SÚA SEDE NO CGRL A 31/12/24

	COMISIÓN NEGOCIADORA	COMISIÓN PARITARIA	GRUPO DE TRABALLO	COMISIÓN DE SECTORIAL DE PRL	ACORDOS DE COMISIÓN NEGOCIADORA	ACORDOS DE COMISIÓN PARITARIA	OUTROS ACORDOS
EMPRESAS E TRABALLADORES/AS DE TRANSPORTE DE ENFERMOS/AS E ACCIDENTADOS/AS EN AMBULANCIA DE GALICIA	2	3		3	.Corrección erros CC		
EVENTOS, SERVIZOS E PRODUCIÓNS CULTURAIS DE GALICIA		2				.Actualización táboas salariais 2024 .Resposta a consultas dirixidas á Paritaria	
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E XIMNASIOS DE GALICIA	9	4	4	1	.Sinatura CC .Modificación de 2 artigos do CC	.Resposta a consultas dirixidas á Paritaria	
POMPAS FÚNEBRES DE GALICIA	4				.Sinatura CC	.Resposta a consultas dirixidas á Paritaria	
HOSTALERÍA A CORUÑA		2				. Resposta consultas sobre interpretación do CC	
ACTORES E ACTRICES DE TEATRO DE GALICIA		1				.Actualización táboas salariais 2024	
RESIDENCIAS PRIVADAS DE PERSOAS DE IDADE DE GALICIA	6	2				.Actualización táboas salariais 2024	
MESA XERAL TRANSPORTE VIAXEIROS POR ESTRADA DE GALICIA	5				.Táboas salariais para o sector nas 4 provincias		
EMPRESAS ORGANIZADORAS DO XOGO DO BINGO		2					
CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	1						
SECTOR DA DOBRAXE DE GALICIA	1						
SUBTOTAL	28	16	4	4			
TOTAL XUNTANZAS	52						

Cómpre destacar que ao longo de 2024 remataron con sinatura dun novo texto de convenio colectivo as actuacións de mesas negociadoras con sede no Consello dos seguintes sectores:

- Instalacións deportivas e ximnasios de Galicia
- Pompas fúnebres de Galicia

— Sinatura do V Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, creouse dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Está integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral, e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

En 2024 o observatorio reuniuse en catro ocasións. Entre outros asuntos, aprobouse a Recomendación para a negociación colectiva en 2024, que está dispoñible na web do Consello e pode consultarse directamente en

https://www.cgrl.gal/wp-content/uploads/2024/07/Recomendación-Ne.Col-2024.pdf

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (CCAINC)

Foi creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Actualmente, a súa regulación figura no Título III, capítulo VI (artigos 131 a 138) da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Esta norma define a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre mulleres e homes.

Esta comisión consta dunha presidencia, que é ocupada por quen exerza a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas e tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

A CCAINC reuniuse en 12 ocasións en 2024. Entre a súa actividade cabe destacar:

- Publicación de nota informativa sobre “Convenios colectivos: obrigas legais e recomendacións en materia de igualdade” que pode consultarse na web do Consello

  https://www.cgrl.gal/wp-content/uploads/2024/10/CCAINC-NOTA-INFORMATIVA.pdf

- Realización dunha xornada sobre a negociación colectiva con perspectiva de xénero.
- Actualización da Guía de boas prácticas para promover a igualdade na negociación colectiva.

ORGANIZAN:

Consello Galego de Relacións Laborais
Facultade de Relacións Laborais da USC

PERSOAS DESTINATARIAS:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Alumnado de Relacións Laborais e Dereito
- Avogados/as e graduados/as sociais
- Profesionais e persoas interesadas
- Inspectores/as de Traballo

INSCRICIÓNS:

Faranse por orde de solicitude ata o 22 de outubro de 2024, no seguinte enderezo:

formacion.cgrl@xunta.gal

ASISTENCIA:

Acreditarase a asistencia á xornada

XORNADAS 2024

NEGOCIACIÓN COLECTIVA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Facultade de Relacións Laborais USC. Campus Vida, Avda. Doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23 de outubro de 2024

NEGOCIACIÓN COLECTIVA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

9:45 INAUGURACIÓN

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Silvia Moscoso Ruibal
Vicedecana Facultade de Relacións Laborais da USC

10:00 A ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO: A FLEXIBILIDADE HORARIA E A REDUCIÓN DE XORNADA COMO MEDIDA DE CORRESPONSABILIDADE VINCULADAS Á NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Emma Rodríguez Rodríguez
Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

10:45 REVISIÓN DOS CONVENIOS COLECTIVOS DENDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Tania Bastón Vilas
Xefa Servizo Unidade Administrativa Igualdade da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

11:15 PAUSA-CAFÉ

11:45 REXISTRO DE CONVENIOS COLECTIVOS

Mª Carmen Sixto Vilas
Xefa Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

12:15 MESA REDONDA DE AXENTES SOCIAIS

Intervirán representantes de CIG, UGT-Galicia e SN de CCOO de Galicia, e da CEG

13:00 CLAUSURA

RESUMO DA XORNADA

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva foi creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Trátase dun órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais. Actualmente a súa regulación recóllese no capítulo VI do título III da Lei 7/2023, do 30 de novembro (DOG nº 233, do 11 de decembro de 2023), para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
No seo desta Comisión, entre outras actividades e co fin de promover e mellorar a calidade da negociación colectiva, elaboráranse documentos e guías que sirvan de orientación e axuda ás mesas negociadoras, dende un total respecto pola autonomía negocial das partes que as integran.
Nesta liña, tras a análise anual da totalidade dos convenios colectivos depositados na consellería competente en materia de emprego e relacións laborais en relación coa promoción da igualdade e coa eliminación de todo tipo de discriminación, a CCAINC detectou a necesidade de elaborar un documento que, lembrando as obrigas e recomendacións que as diferentes normas establecen nesta materia, achegue ás mesas negociadoras e á autoridade laboral competente en materia de rexistro de convenios colectivos un documento útil co ánimo de reforzar o cumprimento de obrigas e recomendacións, e establecer unha correcta observación e desenvolvemento das normas co fin de garantir que a negociación colectiva sexa unha ferramenta chave na consecución da igualdade real nas relacións laborais. Co fin de garantir o cumprimento e desenvolvemento do principio de igualdade na negociación colectiva, a modo informativo achégase, por medio do anexo a este documento, artigos de diferentes normas que instan ou remiten directamente aos convenios colectivos a desenvolver ou introducir diferentes cuestións relacionadas coa promoción da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes nas relacións laborais.
Neste contexto, o Consello Galego de Relacións Laborais achega a «Nota informativa en materia de convenios colectivos: obrigas legais e recomendacións en materia de igualdade», fruto do esforzo das organizacións integrantes da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva e que ten como finalidade ofrecer unha ferramenta útil co valor engadido de que conta co imprescindible consenso das dúas partes da relación laboral nunha materia que require coñecementos de carácter técnico.

Dirección da xornada

- **Antía Sández Callejo** (Presidenta do CGRL)
- **Cristina Fabeiro Varela** (Secretaria do CGRL)
- **Silvia Moscoso Ruibal** (Vicedecana Facultade RRLL da USC)

COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS

A Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos creouse por Decreto 101/2015, do 18 de xuño (DOG do 22 de xullo) no que tamén se regula a súa composición, funcións e funcionamento, en desenvolvemento do establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

A comisión é un órgano colexiado e está integrada por representantes da Administración pública autonómica e das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia.

Está adscrita á consellería competente en materia de traballo a través da secretaría xeral con competencias en materia de convenios colectivos, quen achegará o apoio administrativo e material necesario, exerce as súas competencias con independencia e autonomía funcional propias e ten a súa sede no Consello Galego de Relacións Laborais.

Durante o ano 2024 non tiveron lugar xuntanzas da Comisión Tripartita Galega de Inaplicación de Convenios Colectivos.

SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA

SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA

QUE É O AGA?

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) é un acordo estipulado ao abeiro do artigo 83.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de eficacia xeral, asinado en 1992 polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa Comunidade autónoma (CIG, UGT-Galicia, S.N. de CCOO de Galicia e CEG). Foi o primeiro acordo asinado en Galicia e o terceiro acordo destas características asinado a nivel estatal.

En 2013, tras vinte anos de funcionamento cun balance moi positivo, os interlocutores sociais e empresariais consideraron oportuno adaptar o acordo ás reformas da lexislación laboral, respectando sempre o principio de voluntariedade que o caracteriza.

En data 28 de novembro de 2019 asinouse un novo acordo que, entre outras novidades, inclúe a xestión dos procedementos de solución de conflitos individuais de traballo, aínda que a súa implantación realizarase de xeito paulatino e gradual. Este novo AGA destaca nos seus contidos pola importancia que lle concede á igualdade entre mulleres e homes, e destaca tamén polos seus ámbitos, xa que é o primeiro acordo autónomo que regula e crea procedementos intraxudiciais de solución de conflitos a través da mediación. O texto do novo acordo publicouse no DOG de data 12 de febreiro de 2020.

Tras máis de 30 anos en funcionamento, hoxe podemos dicir que o AGA forma parte da nosa realidade laboral e concíbese como un instrumento útil, como un servizo de interese xeral e relevancia pública baseado nos principios de eficacia, gratuidade e celeridade e como unha alternativa á vía xudicial, máis próxima e máis satisfactoria para as persoas traballadoras e para as empresas. É a ferramenta imprescindible para avanzar na modernización e mellora das relacións laborais en Galicia.

PARA QUE SERVE O AGA?

O AGA posibilita a procura de solucións aos conflitos colectivos de traballo de interpretación e aplicación, así como de intereses, calquera que sexa o sector ou subsector de actividade sempre e cando o ámbito territorial no cal estes conflitos produzan os seus efectos non exceda o da Comunidade autónoma galega.

De xeito específico cómpre destacar os seguintes:

- Conflitos colectivos xurídicos sobre interpretación e aplicación dunha norma legal ou convencional ou práctica de empresa.
- Conflitos relacionados coa negociación colectiva (discrepancias ou bloqueos na negociación ou revisión dun convenio, ou nas comisións paritarias).
- Procesos de negociación substitutorios de períodos de consulta previstos legalmente.
- Conflitos na determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga.
- Conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación dos Plans de Igualdade.

Coa entrada en vigor do novo texto do Acordo, xestionaranse ao abeiro do AGA os procedementos de solución extraxudicial de conflitos laborais individuais que se produzan no seu ámbito territorial e funcional, particularmente os seguintes:

Conflitos que se refiran á materia de discriminación directa ou indirecta por mor de xénero, raza ou etnia, relixión ou convicciónns, diversidade funcional, idade ou orientación sexual no ámbito do emprego e da ocupación.

- Conflitos relativos a situacións de acoso no ámbito laboral.
- Conflitos que afecten á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Conflitos referidos ás vacacións.
- Conflitos derivados da decisión empresarial de adoptar unha medida de mobilidade xeográfica ou de modificación das condicións de traballo que non teña carácter colectivo.
- As sancións impostas á persoa traballadora como resultado do exercicio da potestade disciplinaria recoñecida ás empresas, agás a de despedimento.
- En xeral, aqueloutros conflitos individuais nos que non é obrigado acudir á conciliación previa no SMAC.

QUE PROCEDEMENTOS SE OFRECEN?

Conciliación-mediación: Procedemento no que as partes en conflito, de xeito voluntario, promoven unha negociación sobre a cuestión controvertida na procura dunha solución pactada, coa axuda e intervención dunha ou dúas persoas con funcións de mediación.

Arbitraxe: As partes en conflito acordan voluntariamente someter a cuestión obxecto de discrepancia á decisión dunha terceira persoa imparcial, que a resolverá mediante laudo arbitral.

Arbitraxe obrigatoria en caso de determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga: As partes, rematado un proceso de negociación ou mediación sen acadar acordo nesta materia, deben someter obrigatoriamente a discrepancia a unha persoa que determinará os servizos de mantemento e seguridade durante a folga mediante laudo arbitral.

POR QUE ACUDIR AO AGA?

» Os acordos acadados e os laudos arbitrais ditados ao abeiro do AGA teñen valor de convenio colectivo e forza executiva.

» As partes sempre son escoitadas, garantíndose en todo momento o principio de contradición, o que se acredita no elevado grao de satisfacción dos usuarios do servizo.

» As persoas mediadoras e árbitras distínguense pola súa acreditada experiencia, profesionalidade e formación no eido das relacións laborais, desenvolvendo a súa actividade con absoluta imparcialidade.

» O servizo é totalmente gratuíto para as partes.

» Os prazos de tramitación dos procedementos destacan pola súa brevidade.

» Os procedementos tramitados ao abeiro do AGA acadaron, dende os seus inicios, unha porcentaxe de acordos que ronda o 80%.

ACTIVIDADE DO AGA EN 2024

No ano 2024 tiveron entrada no Servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais un total de 130 solicitudes, 129 de mediación e 1 de arbitraxe.

Nº DE EXPEDIENTES TRAMITADOS			
	TOTAL EXPEDIENTES	MEDIACIÓNS	ARBITRAXES
2021	108	103	5
2022	141	126	15
2023	164	160	4
2024	130	129	1

Cómpre destacar o expediente 99/2024 promovido na empresa ARAMARK SERVICIOS DE CATERING, rematado con acordo, e que supuxo o expediente número 2.000 do histórico do Consello.

Dos 130 expedientes mencionados, foron efectivamente tramitados 78 (permanecendo aínda en tramitación 2 expedientes) e remataron con acordo 47, acadándose unha porcentaxe de acordos do 61%.

EXPTES. EFECTIVAMENTE TRAMITADOS E REMATADOS			
Rematados con acordo	47	60%	5
Rematados sen acordo	31	40%	4
TOTAL	78	100%	

Do total de 130 expedientes, 9 foron promovidos en conflitos que afectaban a un sector de actividade e os restantes 121 no ámbito dunha empresa.

EXPTES. PROMOVIDOS SEGUNDO O ÁMBITO DO CONFLITO							
EXPEDIENTES	Rematados con acordo	Rematados sen acordo	Outras formas de terminación	En tramitación	TOTAL		% acordos por ámbito do conflito*
SECTOR	3	3	3		9	6%	50%
EMPRESA	44	28	47	2	121	94%	61%
TOTAL	47	31	50	2	130	100%	
*sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados							

Atendendo ao tipo de conflito, destacan os 79 expedientes promovidos por discrepancias na interpretación e aplicación de normas, que supuxeron o 61% dos expedientes tramitados ao longo deste ano 2024.

EXPEDIENTES SEGUNDO O TIPO DE CONFLITO							
	Rematados con acordo	Rematados sen acordo	Outras	En tramitación	Total exptes. por tipo de conflito		% acordos por tipo de conflito*
Negociación colectiva	19	7	9	2	37	28%	73%
Aplicación e interpretación de normas	18	23	38		79	61%	44%
Convocatoria de folga	10	1	3		14	11%	91%
TOTAL	47	31	50	2	130	100%	
*sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados							

EXPEDIENTES PROMOVIDOS EN 2024 SEGUNDO O ÁMBITO TERRITORIAL

EXPTES. TRAMITADOS SEGUNDO O ÁMBITO TERRITORIAL	
Ámbito	Total exptes.
A Coruña	70
Lugo	9
Ourense	4
Pontevedra	39
CCAA	8
TOTAL	130

EXPEDIENTES PROMOVIDOS EN 2024 SEGUNDO O ÁMBITO TERRITORIAL E SECTOR DE ACTIVIDADE

EXPTES. TRAMITADOS SEGUNDO O ÁMBITO TERRITORIAL E SECTOR DE ACTIVIDADE						
SECTOR	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	CCAA	TOTAL
Industria	21	8	1	21	0	51
Servizos	48	1	3	17	8	77
Agricultura e pesca	0	0	0	0	0	0
Construción	1	0	0	1	0	2
TOTAL	70	9	4	39	8	130

Os acordos acadados afectaron a un total de 163 empresas e 14.603 persoas traballadoras.

EMPRESAS E PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POLOS EXPTES. PROMOVIDOS		
ESTADO DE TRAMITACIÓN	EMPRESAS	PERSOAS TRABALLADORAS
Rematados con acordo	163	14.603
Rematados sen acordo	206	20.876
Outras	2.853	45.642
En tramitación	2	968
TOTAL	3.224	82.089

A data de peche desta memoria, dous expedientes promovidos en 2024 seguían en tramitación.

Dentro das actividades de promoción e difusión do AGA, o día 20 de setembro organizouse unha visita institucional á sede da empresa HIJOS DE RIVERA, SA na Coruña.

A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL

XX ENCONTRO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
CURSOS E XORNADAS
PUBLICACIÓNS

A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL

No seu labor de promoción do debate social, o Consello Galego de Relacións Laborais realiza todos os anos actividades de formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral.

De toda esta actividade infórmase de xeito sucinto a continuación.

XX ENCONTRO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Que é o Encontro Galego de Relacións Laborais

Trátase dun foro de posta en común de coñecemento e debate para o que, desde o Consello Galego de Relacións Laborais, convocamos aos operadores protagonistas da actividade sociolaboral en Galicia, co obxectivo de establecer os principais criterios técnicos que poderán orientar ao Consello ao longo de 2025 en temas relativos aos novos desafíos da negociación colectiva. Dese xeito reforzaranse e actualizaranse as bases técnicas das distintas actuacións do Consello Galego de Relacións Laborais nunha área de traballo de vital importancia para o organismo.

Ademais de todo o anterior, permite crear un espazo de convivencia para os distintos operadores do sistema de relacións laborais de Galicia no que compartir experiencias e inquedanzas, fortalecendo relacións interpersoais.

O Consello agradece aos distintos colectivos sociais e profesionais que traballan no mundo das relacións laborais a súa colaboración e apoio sen os cales este evento non sería posible.



O encontro foi inaugurado pola presidenta do Consello Antía Sández Callejo, e a secretaria do Consello Cristina Fabeiro Varela. A continuación tivo lugar a lección maxistral do catedrático e maxistrado da Sala do Social do Tribunal Supremo, Antonio Sempere Navarro.

A continuación, segundo o acordado polo Pleno do Consello, o Encontro organizouse en torno a dúas mesas de traballo:

Mesa I
Tempo de traballo e xornada laboral

Que papel xogaría a negociación colectiva ante unha posible rebaixa da xornada laboral por vía lexislativa?

A redución da duración máxima da xornada laboral é unha posibilidade que aínda está por concretarse. No caso de que se faga efectiva, os convenios colectivos non só deberán adaptarse para asumir esa rebaixa, senón que tamén se abrirá a porta a explorar novas posibilidades.

A negociación colectiva poderá explorar innovacións como fórmulas de flexibilización horaria que permitan compatibilizar as necesidades persoais e familiares das persoas traballadoras coas demandas organizativas e produtivas das empresas. Especial atención merecerá o impacto das novas tecnoloxías en cuestións como o teletraballo, a desconexión dixital ou o rexistro diario da xornada.

Mesa II

Outras novidades en materia de negociación colectiva

I. Estrutura da Negociación Colectiva: nova redacción do artigo 84 do Estatuto dos Traballadores

O Real Decreto Lei 2/2024 modifica a redacción do apartado 3 do artigo 84 e introduce nese mesmo artigo un novo apartado 4, pasando o actual ao número 5.

O primeiro que hai que ter en conta á hora de abordar a interpretación da nova situación normativa derivada da reforma é que a modificación introducida non afecta, en principio, ao mandato do artigo 84.1 do ET. A regra deste apartado 1 do artigo 84, que consagra a prioridade aplicativa dos convenios anteriores no tempo (a regra do prior in tempore), e a imposibilidade da súa afectación por outros convenios posteriores, sigue, pois, plenamente vixente.

Nesta mesa, analizaranse os cambios introducidos pola nova prioridade aplicativa dos convenios autonómicos e, no seu caso, provinciais. Trataranse cuestións como:

- Cal é a unidade de negociación colectiva máis axeitada en Galicia?
- Como afecta esta reforma á estrutura da negociación colectiva galega?
- Que papel xogan os convenios colectivos estatais trala reforma?

II. O Impacto de Novas Cláusulas

Tamén se analizarán o alcance e o contido das cláusulas en convenios colectivos que representan tendencias innovadoras, a ter en conta para o futuro das relacións laborais.

Na segunda xornada do Encontro, e co gallo de tratarse da edición número vinte deste evento, tivo lugar un acto de recoñecemento aos anteriores presidentes e presidentas do Consello Galego de Relacións Laborais:

LUIS CARAMÉS VIÉITEZ (1988 – 1990)

BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA (1991 – 1996)

MARÍA TERESA PEDROSA SILVA (1997-2002)

DEMETRIO FERNÁNDEZ LÓPEZ (2002 – 2016)

VERÓNICA MARTÍNEZ BARBERO (2017- 2020)

Clausuraron o encontro a presidenta do Consello Antía Sández Callejo, o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais -da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración- Pablo Fernández López, o presidente da CEG Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, o secretario xeral do Sindicato CIG Paulo Carril Vázquez, o secretario xeral do Sindicato UGT-Galicia José Antonio Gómez Gómez e a secretaria xeral do SN de CCOO de Galicia Amelia Pérez Álvarez.

Conclusións do XX Encontro Galego de Relacións Laborais

MESA I. TEMPO DE TRABALLO E XORNADA LABORAL

A redución da duración máxima da xornada laboral é unha posibilidade que aínda está por concretarse. No caso de que se faga efectiva, os convenios colectivos non só deberán adaptarse para asumir esa rebaixa, senón que tamén se abrirá a porta a novas posibilidades.

Así pois, a negociación colectiva poderá incorporar innovacións como, por exemplo, fórmulas de flexibilización horaria que permitan compatibilizar as necesidades das persoas traballadoras coas demandas organizativas e produtivas das empresas. Especial atención merecerán o impacto das novas tecnoloxías en cuestións como o teletraballo, a desconexión dixital ou o rexistro diario da xornada.

Mais aló da mera posibilidade, as partes concordan en que, realmente, a negociación colectiva constitúe unha ferramenta útil para afondar neses ámbitos. Estamos, por tanto, ante unha oportunidade óptima para reforzar o sistema non só dende unha perspectiva cuantitativa, no que se refire ao cómputo de horas, senón tamén cualitativa, mediante melloras que incrementen a calidade das condicións de traballo e, á súa vez, da organización empresarial no seu conxunto.

En canto á forma concreta de avanzar nos aspectos relativos ao tempo de traballo as partes, logo dun intenso debate no que quedaron manifestas posicións claramente diverxentes en moitos eidos, lograron acadar acordo nos termos que pasan a expoñerse:

O rexistro diario de xornada é a base sobre a que se asenta o cómputo do tempo de traballo. Así pois, a negociación colectiva debe garantir que este rexistro se adapte á realidade de cada sector e cumpra coas características definidas pola xurisprudencia ("obxectivo, fiable e accesible").

Neste senso, é fundamental afondar na seguridade xurídica do rexistro de xornada. Para ámbalas dúas partes da relación laboral, resulta prioritario asegurar que exista unha correspondencia efectiva e verificable entre o rexistro e a xornada realmente realizada, o que permite controlar o cumprimento das normas de distribución de horarios e períodos de descanso, garantindo os dereitos e as obrigas tanto das persoas traballadoras como das empresas.

Para acadar eses obxectivos, a normativa legal establece que, mediante negociación colectiva, acordo de empresa ou, no seu defecto e en todo caso, previa consulta coa representación legal das persoas traballadoras, se organizará e documentará o rexistro de xornada. Agora ben os mecanismos a pactar deben axustarse de forma rigorosa, non só aos propósitos estritamente relacionados co cómputo do tempo de traballo, senón tamén ás normas de protección da intimidade, dos datos persoais e das garantías nos chamados dereitos dixitais.

As partes coinciden en que non semella que proceda unha análise sobre o tempo de traballo sen recoñecer como impacta de xeito diferente sobre as mulleres e sobre os homes; e como de xeito diferente tamén se reparte o tempo de ocio e de responsabilidades non laborais para unhas e outros.

As representacións asistentes poñen en valor os mecanismos de solución extraxudicial de conflitos contemplados no AGA e a súa utilidade para solventar as discrepancias que poidan xurdir en materia de tempo de traballo.

Por último, as partes valoran positivamente o modelo de Protocolo de Desconexión Dixital que está sendo elaborado polo Observatorio Galego da Negociación Colectiva, instando ao mesmo a promover a súa difusión efectiva, en orde a que poida ser utilizado en cumprimento

do mandato legal consonte ao que as empresas, previa audiencia da representación legal das persoas traballadoras, elaborarán políticas internas nas que se definirán as modalidades de exercicio do dereito á desconexión dixital e as accións de formación e sensibilización do persoal sobre un uso razoable das ferramentas tecnolóxicas que evite o risco de fatiga informática, preservándose en particular ese dereito nos supostos de teletraballo.

MESA II. OUTRAS NOVIDADES EN MATERIA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

ESTRUTURA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

1. En canto á promoción da negociación colectiva, coincídese en que debe continuar sendo un dos principais eixos da actividade do Consello. Ponse en valor especialmente a utilidade dos informes e boletíns periódicos elaborados e difundidos polo Consello con datos estatísticos sobre convenios asinados, xa que constitúen unha ferramenta valiosa para guiar as partes implicadas en negociacións. No esforzo por profundar aínda máis no coñecemento e divulgación da realidade obxectiva da negociación colectiva galega, o Consello leva meses traballando nunha nova aplicación sobre a base de datos de convenios colectivos que se atopa xa nun estado moi avanzado, pendente tan só de permisos externos para ser accesible por toda a cidadanía. As partes valoran positivamente esta iniciativa do Consello e encomendanlle a finalización deses trámites á maior brevidade posible.

2. Conclúese que, cando se fai unha análise da dimensión territorial dos convenios sectoriais en Galicia, a realidade convencional galega está asentada principalmente nos convenios colectivos de sector provinciais. As partes entenden que convén potenciar e mellorar os seus contidos, racionalizar as unidades de negociación que así o precisen, dinamizar a negociación de convenios colectivos que perderan hai tempo a súa vixencia expresa e emprender a negociación naqueles convenios colectivos, sempre con respecto á autonomía negocial das partes.

3. Respecto da repercusión que esta reforma lexislativa puidera ter na nosa estrutura, e tendo en conta as respostas indicadas nos puntos anteriores, coincídese en que é de mínimo impacto cos instrumentos normativos actuais. Feitas as valoracións sobre este último punto e, tras un frutífero debate, todas as organizacións expoñen o seu parecer ao respecto. As partes acordan realizar unha análise das posibilidades arbitradas pola modificación do artigo 84 do ET valéndose para elo do Observatorio Galego da Negociación Colectiva, de cara a articular a realidade convencional en Galicia na liña indicada na segunda conclusión.

4. A concorrencia entre un convenio colectivo estatal e outro autonómico ou provincial pode xerar importantes problemas interpretativos. Iso porque o criterio que fai inclinar a balanza cara ao convenio colectivo sectorial de ámbito inferior é o principio de norma máis favorable. Este principio préstase a problemas de interpretación e consecuente aplicación práctica, tendo en conta que tanto as materias que pode regular un convenio colectivo autonómico ou provincial como aquelas que, pola contra, lle están vetadas, así como o feito de que os propios convenios poden prever distintas regulacións dunha mesma condición laboral para os distintos anos de vixencia. Enténdese, con todo, que por razóns de seguridade xurídica a comparativa para determinar o convenio máis favorable terá que realizarse sen que caiba o espigueo entre os distintos convenios colectivos e sempre de acordo coa reiterada xurisprudencia do TS na interpretación e aplicación do art.3 do ET.

5. Enténdese que os convenios colectivos estatais vixentes manteñen a súa preferencia aplicativa consonte a regra prior in tempore potior in iure, así como no ámbito das materias reservadas aos mesmos. Isto sen prexuízo de que, ao tratarse de normas mínimas, poidan ser melloradas. A estes efectos, as partes remítense á análise que se desenvolverá no Observatorio Galego de Negociación Colectiva nos termos sinalados na terceira conclusión.

6. As partes, conscientes de que aínda existen certos grupos de persoas traballadoras sen a protección mellorada que supón a existencia dun convenio colectivo, comprométense a analizar as causas deste baleiro de cobertura e encomendan ao Observatorio Galego de Negociación Colectiva a identificación de sectores nos que resulte axeitado impulsar procesos de negociación así como analizar outras formas de cobertura. Prestarase especial atención aos sectores relevantes en Galicia, entre outros, ao agro.

IMPACTO DE NOVAS CLÁUSULAS

A negociación colectiva pode ser unha ferramenta de grande utilidade para o desenvolvemento dos dereitos dixitais. Dada a complexidade técnica da materia, as partes consideran que resulta de vital importancia a formación, o asesoramento e apoio, campos nos que o Consello debe ter un papel moi importante.

As persoas participantes nesta Mesa de traballo coinciden en que nos vindeiros meses se van incorporar aos convenios colectivos as novas cláusulas esixidas polo RD 1026/2024. Neste senso, acordan encomendar á CCAINC a elaboración e difusión de cláusulas tipo de medidas e recursos para alcanzar a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI.

Nesta mesma liña, as partes acordan encomendar ao Observatorio Galego da Negociación Colectiva a recompilación e publicación baixo o formato de “cláusulas tipo” daquelas cuestións novidosas das que o organismo teña coñecemento no exercicio das súas funcións de promoción da negociación colectiva en Galicia. Sinálanse, entre outras moitas posibles, aquelas nas que as partes, en uso da súa autonomía negociadora, acaden novas solucións consensuadas que dean resposta a cuestión relativas a aspectos como o traballo a distancia, videovixilancia, xeolocalización, uso de dispositivos dixitais, influencia de algoritmos ou da intelixencia artificial, ciberseguridade, etc.

CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS E OUTROS

Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral

O Consello e a Universidade de Vigo asinaron un ano máis un convenio de colaboración para a realización da VII edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral. A duración foi de 80 horas lectivas do 12 de setembro ao 21 de novembro.

OBXECTIVOS: O curso permitiu ao alumnado estudar as técnicas e ferramentas clásicas de negociación, explorar o concepto de intelixencia emocional e a súa implicación na solución dos conflitos de calquera tipo, estudar estratexias baseadas na comunicación verbal e non verbal, adquirir coñecementos sobre os máis controvertidos contidos da negociación colectiva e sobre o diálogo institucional en España e en Galicia.

DESTINATARIOS: Posto que o fin último é a formación de profesionais nas técnicas de negociación, as persoas destinatarias do curso de formación universitaria son as que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais. Tamén poderá matricularse o alumnado da universidade.

— Sinatura do convenio coa UVigo

— Intervención da presidenta do CGRL e dos axentes sociais na clausura da VII edición do curso

Curso de especialización en dereito dixital e intelixencia artificial do traballo e da seguridade social

O Consello e a Universidade da Coruña asinaron un convenio de colaboración para a realización da I edición do Curso de especialización en dereito dixital e intelixencia artificial do traballo e da seguridade social. A duración foi de 39 horas lectivas, do 15 de outubro ao 20 novembro.

OBXECTIVOS: O obxectivo que se pretende co desenvolvemento do curso de formación, é o de afondar no coñecemento e análise do impacto da dixitalización e da intelixencia artificial no mundo do traballo. Tanto a intelixencia artificial como os algoritmos, ferramentas características dos tempos que estamos a vivir, son instrumentos valiosos para calquera dos ámbitos sociais nos que nos desenvolvemos, e, polo tanto, tamén para o mundo das relacións laborais. Resulta imprescindible estudar o impacto da dixitalización do traballo no plano colectivo das relacións laborais, así como a incidencia dos algoritmos e a intelixencia artificial no Dereito dixital do Traballo. Asemade, esta actuación formativa comprende os sistemas de regulación do espazo virtual e a xestión algorítmica da relación laboral na empresa, así como o estudo da regulación e dos dereitos relacionados coa protección da intimidade e a desconexión dixital, entre outros.

DESTINATARIOS: O curso diríxese ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presencia de alumnado procedente doutras universidades), así como a persoas profesionais que precisan coñecer (ou seguir coñecendo con máis detalle) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.

— Sinatura do convenio coa UDC

XORNADAS

En 2024 realizáronse dúas xornadas sobre temas de actualidade:

- **OS PERMISOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL,** realizada en Vigo o 22 de marzo, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da UVigo.

ORGANIZA:
Consello Galego de Relacións Laborais

Área de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo

PERSOAS DESTINATARIAS:
- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais e avogados/as
- Alumnado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- Inspectores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesionais e persoas interesadas

INSCRICIÓNS:
Faranse por orde de solicitude ata o 21 de marzo de 2024 a través do enderezo electrónico formacion.cgrl@xunta.gal

ASISTENCIA:
Acreditarase a asistencia á xornada

XORNADAS 2024

OS PERMISOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

22 de marzo de 2024

Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Campus Lagoas Universidade de Vigo

Estrada Colexio Universitario, s/n, Vigo



OS PERMISOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

9:30 INAUGURACIÓN

10:00 O PERMISO DE LACTACIÓN

Patricia Nieto Rojas
Profesora contratada doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)

Modera: Belén Fernández Docampo
Profesora Titular da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

10:40 OS PERMISOS POR FORZA MAIOR, HOSPITALIZACIÓN E DERIVADOS DA SAÚDE

María Amparo Ballester Pastor
Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Valencia

Modera: Belén Fernández Docampo
Profesora Titular da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

11:30 PAUSA-CAFÉ

11:45 O PERMISO PARENTAL

Emma Rodríguez Rodríguez
Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

Modera: Antonio Megías Bas
Profesor Axudante Doutor da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

12:30 ADAPTACIÓN DO TEMPO E OUTRAS CONDICIÓNS DO TRABALLO

José Fernando Lousada Arochena
Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Modera: Antonio Megías Bas
Profesor Axudante Doutor da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

13:30 MESA DE AXENTES SOCIAIS

Interveñen representantes da CIG, SN de CCOO de Galicia, UGT-Galicia e da CEG

Modera: Cristina Fabeiro Varela
Secretaria do CGRL

14:00 CLAUSURA E FIN DA XORNADA

DIRECCIÓN DA XORNADA

Antía Sánchez Callejo (Presidenta do CGRL)

Cristina Fabeiro Varela (Secretaria do CGRL)

Jaime Cabeza Pereiro (Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo)

Rosa Rodríguez Martín-Retortillo (Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo)

A materia dos permisos de conciliación laboral e familiar require dunha análise profunda tralas últimas reformas que afectaron a esta temática e o debate que xerou a transposición da Directiva 2019/1158.

Esta Xornada pretende profundizar, dende una perspectiva xurídico-laboral, nas complexidades legais que rodean aos permisos relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar e, en particular, en supostos concretos como son os casos do permiso de lactación, os de hospitalización e derivados da saúde, ou o permiso parental.

A través dun enfoque xurídico detallado, destacaranse as últimas novidades lexislativas, os dereitos e obrigas que se desprenden tralos cambios normativos, e proporcionarase un enfoque casuístico da materia da adaptación do tempo e outras condicións de traballo coa perspectiva da doutrina xudicial.

Así mesmo, abordaranse os desafíos que se presentan e o papel fundamental que asumen os axentes sociais no exercicio efectivo destes permisos.

— Mesa de axentes sociais na Xornada sobre Os permisos de conciliación da vida familiar e laboral

- **NEGOCIACIÓN COLECTIVA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO,** realizada en Santiago de Compostela o 23 de outubro, en colaboración coa Facultade de Relacións Laborais de Santiago de Compostela

— Mesa de axentes sociais na Xornada sobre a negociación colectiva con perspectiva de xénero

Desta actividade damos unha información de carácter máis cuantitativo no cadro que figura a continuación:

CURSOS E XORNADAS DO CGRL 2024					
	ACTIVIDADE	LUGAR	PARTICIPANTES		
			Total	Mulleres	Homes
CURSOS	VII edición do Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral	Vigo	15	9	6
	I edición do Curso de especialización en dereito dixital e intelixencia artificial do traballo e da seguridade social	A Coruña	31	17	14
			46	26	20
XORNADAS	Os permisos de conciliación da vida familiar e laboral	Vigo	76	44	32
	Negociación colectiva con perspectiva de xénero	Santiago de Compostela	20	11	9
			96	55	41
		Total participantes	142	81	61

SEMINARIOS

En 2024 organizáronse dúas edicións do **SEMINARIO PARA CADROS SINDICAIS E EMPRESARIAIS SOBRE O PROCEDEMENTO DE REXISTRO DE CONVENIOS COLECTIVOS E OUTROS ACORDOS A TRAVÉS DA PLATAFORMA REGCON**

A I EDICIÓN o 23 de febreiro e a II EDICIÓN o 28 de outubro, as dúas en Santiago de Compostela.

—Inauguración da II edición do Seminario sobre o procedemento de rexistro de convenios colectivos e outros acordos a través da plataforma REGCON

—Asistentes ao Seminario sobre o procedemento de rexistro de convenios colectivos e outros acordos a través da plataforma REGCON

Presentación de estudos encomendados polo Pleno do CGRL

A maiores, neste ano 2024 e co gallo da publicación por parte do Consello de dous estudos sobre ámbitos de grande interese, organizáronse os actos seguintes:

ACTO DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO INFORME SOBRE O DEREITO DE NEGOCIACION COLECTIVA NO TRABALLO DOMÉSTICO: UN ESTUDO COMPARADO CON ALEMAÑA, FRANCIA, ITALIA E PORTUGAL E CO REINO UNIDO, realizado en Santiago de Compostela o 29 de abril.



—Intervención de representantes do equipo autor

— Intervención dos axentes sociais

ACTO DE PRESENTACION PÚBLICA DO INFORME SOBRE O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, realizado en Santiago de Compostela o 10 de outubro.

—Inauguración do acto

—Intervención de representantes do equipo autor

—Asistentes ao acto

— Intervención dos axentes sociais

Colaboracións no eido da formación

Ademais das actuacións formativas propias do Consello, o organismo colaborou na organización de cursos e xornadas doutras institucións:

CURSO SOBRE "HABILIDADES BRANDAS", organizado pola Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo entre o 19 de febreiro e o 12 de marzo en Lugo.

CURSO DE "INTELIXENCIA EMOCIONAL E XESTIÓN DE CONFLITOS", organizado pola Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo entre o 8 e o 30 de abril en Lugo.

CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE EMPREGO, FORMACIÓN E APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA PARA UN MERCADO DE TRABALLO GLOBAL o 11 e 12 de abril en Santiago de Compostela.

XORNADA SOBRE "A MATERIA RETRIBUTIVA: CUESTIÓNS DE ACTUALIDADE", organizada pola Sección Galega da AEDTSS o 26 de abril en Santiago de Compostela.

XORNADA DE TRANSFERENCIA "ADAPTACIÓN E MANTEMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS EN CRISE: FERRAMENTAS E ACTORES", organizada pola Universidade de Vigo o 30 de outubro en Ourense.

XXVII XORNADAS DE OUTONO: "A INCIDENCIA EUROPEA NOS NOVOS DEREITOS LABORAIS", organizadas por Xustiza e Sociedade de Galicia o 15 e 16 de novembro en Vigo.

CURSO DE PRÁCTICA LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL, organizado pola Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS

Revista Galega de Dereito Social (2ª etapa)

A **RGDS** (2ª etapa) é unha publicación científica do Consello Galego de Relacións Laborais, dirixida a difundir entre os colectivos docentes, investigadores e profesionais interesados no mundo laboral a actualidade legal, xurisprudencial e doutrinal na materia, con especial incidencia no marco galego de relacións laborais. Dende o seu lanzamento en 2016, a RGDS optou por un modelo de publicación en aberto coa máis alta calidade científica. Con esta elección, o Consello Galego de Relacións Laborais posicionouse na actitude máis avanzada actualmente: a difusión xeral, gratuíta e universal do coñecemento xurídico xerado.

É a única publicación científica na materia dispoñible en internet en lingua galega. Os PDF da revista inclúen as dúas versións lingüísticas dos artigos, en galego e en castelán.

A **RGDS** ten unha periodicidade semestral. O Consello de Redacción, de forma excepcional, poderá aprobar a publicación dun número extraordinario de carácter monográfico, a instancia do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais.

A dirección e a subdirección da **RGDS** están a cargo das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral do Consello. A selección dos autores e autoras realízaa a secretaria da Revista, Yolanda Maneiro Vázquez, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela, atendendo ás consideracións manifestadas polo Consello, particularmente na procura dun equilibrio de xénero na escolla.

No que concirne á súa difusión, a **RGDS** ocupa os primeiros postos entre as revistas máis citadas no ámbito especializado do Dereito de Traballo e da Seguridade Social. As máis de 50.000 visitas que tivo nos últimos anos son unha proba rotunda do seu éxito.

A **RGDS** atópase xa indexada nos seguintes catálogos:

DIALNET

(https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=24565)

LATINDEX Catálogo e directorio

(https://www.latindex.org/latindex/Solr/Busqueda?idModBus=0&buscar=revista+galega+de+dereito+social&submit=Buscar)

MIAR

(http://miar.ub.edu/issn/1696-3083)

Ademais a **RGDS** foi incluida en **ERIH PLUS:**

https://kanalregister.hkdir.no/publiseringskanaler/erihplus/periodical/info.action?id=493264

A indexación da **RGDS** en cada un destes catálogos supón, entre outras consideracións, a difusión do galego como lingua académica e profesional.

Tal e como xa acontecera en 2023, en 2024 publicouse un número extraordinario que recolle as ponencias da **XORNADA SOBRE A "MATERIA RETRIBUTIVA: CUESTIÓNS DE ACTUALIDADE"**, organizada pola Sección Galega da **AEDTSS** e en cuxa organización colaborou o Consello.

Publicáronse ademais os números 21 e 22, que saíron en xullo e decembro, respectivamente. O contido destes números pode consultarse directamente na páxina web da revista:

http://www.revistagalegadedereitosocial.gal/index.php/RGDS/index

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2023

Cumprindo co mandato previsto na súa lei reguladora, o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se vén publicando dende o ano 1992.

En 2024 editouse o Informe da situación sociolaboral correspondente ao ano 2023. Pode consultase en

https://www.cgrl.gal/informe-sociolaboral-2023/

Este Informe inclúe un capítulo dedicado á negociación colectiva en Galicia no ano 2023. Na primeira parte, analízanse polo miúdo os convenios colectivos asinados e revisados durante o ano 2023 en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada. A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia. Esta información pode consultarse directamente entrando na seguinte ligazón:

https://www.cgrl.gal/wp-content/uploads/2024/11/CGRL-Informe-23-C8.pdf

Boletín de negociación colectiva

Dende 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio Galego de Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais, o persoal do organismo elabora un boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xornada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia.

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o boletín contén tamén os datos de interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.

En 2024 editáronse catro números que poden consultarse en:

https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/



BOLETÍN DE INFORMACIÓN SOCIOLABORAL

BOLETÍN DE INFORMACIÓN SOCIOLABORAL

Boletín núm. 39 - Outubro 2024

Produto interior bruto

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Este boletín recolle con periodicidade trimestral os últimos datos de poboación, emprego, sinistralidade ou conflitividade laboral, entre outros datos significativos que inciden na situación sociolaboral, e pretende poñer a disposición das persoas interesadas no mercado laboral unha ferramenta para o coñecemento máis axeitado da nosa contorna.

En 2024 editáronse catro números deste boletín que poden consultarse en:

https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/

Todas as publicacións do Consello poden consultarse en:

https://www.cgrl.gal/publicacions-2/

ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CONSELLO

ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CONSELLO

Durante o ano 2024 o CGRL estivo representado nos seguintes actos:

ACTO CONMEMORATIVO DO DÍA EUROPEO DA MEDIACIÓN, ORGANIZADO POLO CGPJ
Madrid. 30 de xaneiro

XUNTANZA ORGANIZADA POLO SIMA COS ORGANISMOS AUTONÓMICOS PARA TRATAR A MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL.
Madrid. 22 de febreiro

ACTO PREMIOS 10 DE MARZO (ORGANIZADO POR CCOO)
Santiago de Compostela. 2 de marzo

ACTO PREMIOS 8 DE MARZO E PREMIOS 10 DE MARZO (ORGANIZADO POR CIG)
Santiago de Compostela. 14 de marzo.

ACTO PREMIOS VALEDORA DO POBO AOS MELLORES TRABALLOS FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS FIN DE MASTER (TFM) EN MATERIA DE IGUALDADE E DEREITOS DAS MULLERES
Santiago de Compostela. 20 de marzo

VISITA AO CGRL DO ALUMNADO DE DEREITO SINDICAL DO GRAO DE RRLL USC
8 de maio

CLAUSURA ASAMBLEA XERAL CEG
Santiago. 6 de xuño

XORNADA ANUAL SIMA

Madrid. 27 de xuño

HOMENAXE A XAN MARÍA CASTRO PAZ (ORGANIZADO POR CCOO)

Santiago. 14 de setembro

XXV ANIVERSARIO SERCLA

Sevilla. 18 de setembro

SEMINARIO INTERNACIONAL : IMPLANTACIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA E NO CONTEXTO GLOBAL (CIG)

Santiago. 27 de setembro

SEMINARIO DE TRANSFERENCIA SOBRE O DEREITO DA COMPETENCIA (ORGANIZADO POLA UVIGO)

CES. Santiago. 27 de setembro

TIEMPO DE TRABAJO: DEBATE Y REFLEXIÓN SOBRE SUS LÍMITES Y DERECHOS EN LA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (UGT)

Santo Estevo. 14 de outubro

ACTO DE INVESTIDURA DE MARÍA EMILIA CASAS COMO DOUTORA HONORIS CAUSA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

Vigo. 18 de outubro

PRESENTACIÓN LIBRO "POR UNA NUEVA CONCIENCIA SOCIAL" (CÁNDIDO MÉNDEZ) E ENTREGA PREMIOS POR UN TRABALLO DIGNO (UGT)

Santiago de Compostela. 29 de outubro

XORNADA "LA GOBERNANZA DE LA TRANSICIÓN DIGITAL" (CONSEJO DE RELACIONES LABORALES DE CASTILLA - LA MANCHA)

Toledo. 2 de decembro

PREMIOS LIDERAZGO EMPRESARIAL (ORGANIZADO POLA CEC)

A Coruña. 9 de decembro

ENTREGA "PREMIOS AL MÉRITO SOCIAL" (CONSEJO GENERAL DE GRADUADOS SOCIALES)

Madrid. 13 de decembro

CLAUSURA ASAMBLEA XERAL DA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (ORGANIZADO POLA CEP)

Vigo. 16 de decembro

AS REDES SOCIAIS DO CONSELLO

AS REDES SOCIAIS DO CONSELLO

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

https://x.com/cgrrll

Na conta do CGRL en X difúndense, diariamente, as publicacións dos diferentes boletíns oficiais que teñen incidencia nas relacións laborais, como novidades lexislativas, convenios colectivos ou datos de interese no eido laboral, entre outros.

Tamén se difunden as actividades do organismo que poden resultar de interese, como a realización de xornadas formativas.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

https://www.linkedin.com/company/86458263

Na conta do CGRL en LinkedIn compártese a actividade máis destacada do organismo, as diferentes publicacións que se realizan ao longo do ano ou a participación en diferentes actos, xornadas e encontros de interese no eido das relacións laborais.

Tamén se dá difusión ás actuacións formativas que se organizan desde o CGRL ou aquelas en cuxa organización colabora.




Indicadores
Miembros alcanzados
6k
4k
2k
0
10 feb.
1 abr.
1 jun.
1 ago.
1 oct.
1 dic.
1 feb.
Orgánico
30.806


Indicadores
Reacciones
250
200
150
100
50
0
10 feb.
1 abr.
1 jun.
1 ago.
1 oct.
1 dic.
1 feb.
Orgánico
1304
Patrocinado
0

ORZAMENTO DO CONSELLO

ORZAMENTO DO CONSELLO

DESCRICIÓN ORZAMENTO	2023	2024
Arrendamentos	7.000,00	7.000,00
Reparacións, mantemento e conservación	7.300,00	9.800,00
Material de oficina	6.500,00	8.000,00
Subministracións	14.433,00	14.433,00
Comunicacións	1.000,00	1.000,00
Gastos diversos	5.000,00	7.000,00
Reunións e conferencias	79.000,00	82.000,00
Limpeza e aseo	14..000,00	16.000,00
Seguridade	15.000,00	15.000,00
Estudos e traballos técnicos	39.000,00	46.000,00
Remuneracións a axentes mediadores	43.000,00	48.000,00
Publicacións	5.500,00	10.000,00
Indemnizacións por razón do servizo	6.000,00	7.000,00
Outras indemnizacións	216.000,00	216.000,00
Total gastos servizos exteriores	458.733,00	487.233,00
Transferencia a USC – Curso	14.000,00	18.000,00
Transferencia a UVigo – Curso	14.000,00	18.000,00
Transferencia a UdC – Curso	14.000,00	18.000,00
Total transferencias correntes	42.000,00	54.000,00
Orzamento de capital	108.880,00	126.000,00
Total orzamento de persoal	766.053,00	788.590,00
TOTAL ORZAMENTO	1.375.666,00	1.455.823,00

2024

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS